

ACTA DO PLENO CONSTITUTIVO DO CONCELLO DE PONTECESO DE
DATA 17.06.2023

No salón de plenos de Ponteceso, sendo as 12 horas do 17.06.2023, asisten os seguintes concelleiros conforme certificación emitida por XEZ o 7.06.2023:

- (1) FÁTIMA RODRÍGUEZ GONZÁLVEZ
- (2) JOSÉ MANUEL MATO MARTÍNEZ (PP)
- (3) MARÍA JOSEFA ALVAREZ BUGALLO (PP)
- (4) CONSTANTINO FERNÁNDEZ VILA
- (5) JOSÉ LUIS PENA ROMAY (PP)
- (6) JUAN RAMÓN VIDAL TORRADO (GLG)
- (7) RAQUEL FONDO PÉREZ (GLG)
- (8) XOSE LOIS GARCÍA CARBALLIDO (PSDEG-PSOE)
- (9) NOELIA MARÍA VÁRELA SUAREZ (PSDEG-PSOE)
- (10) JOSÉ MANUEL NUÑEL COSTA (PSDEG-PSOE)
- (11) CONSUELO MARTÍNEZ LEMA (PSDEG-PSOE)
- (12) JOSÉ MANUEL POSE VERDES (ESCO)
- (13) ROBERTO ALEXANDRE ANDRADE DE SANTIAGO (AXP)

Por parte da Secretaría municipal apertúrase o acto e danse os bos días e índícase que o obxecto da presente sesión é proceder á constitución do novo Concello de Ponteceso, en función dos resultados producidos o pasado día 28 de maio de 2023; cando se celebraron as votacións para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais.

Procédese en primeiro lugar á lectura dos preceptos legais reguladores do acto, relativos ós requisitos que deben ser cumprimentados polos concelleiros electos con carácter previo á toma de posesión do cargo, con especial referencia ós seguintes artigos:

Art. 195 da LOREG:"

1. As corporacións municipais constitúense en sesión pública ou vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto se constitúen no cuadraxésimo día posteriores as eleccións.
 2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que sexa da Corporación.
3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que o Concello remitirá á Xunta Electoral de Zona.
4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario,

celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.”

Art. 108.8 LOREG: “No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”.

Art. 75.7 LBRL: “Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos.

Formularán asemade declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedade de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos da renda, Patrimonio e no seu caso, Sociedades.

Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, se levarán a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ó remate do mandato así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

O procedemento de constitución do Concello, de conformidade co disposto pola lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes operacións:

- 1) Constitución da Mesa de Idade formada polos Concelleiros electos de maior e menor idade.
- 2) Acreditación dos Concelleiros electos ante a Mesa de Idade, mediante a presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e o D.N.I.
- 3) Xuramento ou promesa do cargo de Concelleiro.
- 4) Elección do Alcalde/sa.
- 5) Xuramento do cargo de Alcalde/sa.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

A Secretaria indica: En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, e no artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise a proceder á formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade, e como Vogal o Concelleiro electo de menor idade, sendo o Secretario da mesma o da Corporación.

Neste caso a designación corresponde conforme a certificación acreditativa dos Concelleiros proclamados neste municipio (acta de proclamación de candidatos remitida pola XEZ a :

- DON CONSTANTINO FERNÁNDEZ VILA, como PRESIDENTE DA MESA DE IDADE,
- DONA FÁTIMA ÁNGELES RODRÍGUEZ GONZÁLVEZ, como VOGAL DA MESA

Seguidamente, a Secretaria procede a tomar xuramento ós membros da Mesa de Idade segundo o establecido polo RD 707/1979:

“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ponteceso, con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”

D. Constantino Fernández Vila.. : Si xuro

D^a. Fátima Ángeles Rodríguez González: Si prometo

A secretaria indica que queda formalmente constituída a Mesa de Idade.,composta por :

Presidente: Constantino Fernández Vila

Vogal: Fátima Ángeles Rodríguez González

Secretaria: Antía Pena Dorado

D Constantino Fernández Vila, Presidente da mesa de idade, dice: Bos días. Declárase aberta a sesión para a constitución do Concello de Ponteceso. De seguido a Secretaria chamará de forma individualizada a cada un dos concelleiros electos a efectos de acreditar a súa personalidade.

A Secretaria procede a chamar a todos e cada un dos concelleiros electos pola orden a que aparecen na acta de proclamación de electos expedida pola Xunta Electoral de Zona do 7de xuño de 2023

Concelleiros electos asistentes:

- (2) JOSÉ MANUEL MATO MARTÍNEZ (PP)
- (3) MARÍA JOSEFA ALVAREZ BUGALLO (PP)
- (5) JOSÉ LUIS PENA ROMAY (PP)
- (6) JUAN RAMÓN VIDAL TORRADO (GLG)
- (7) RAQUEL FONDO PÉREZ (GLG)
- (8) XOSE LOIS GARCÍA CARBALLIDO (PSDEG-PSOE)
- (9) NOELIA MARÍA VÁRELA SUAREZ (PSDEG-PSOE)
- (10) JOSÉ MANUEL NUÑEL COSTA (PSDEG-PSOE)
- (11) CONSUELO MARTÍNEZ LEMA (PSDEG-PSOE)
- (12) JOSÉ MANUEL POSE VERDES (ESCO)
- (13) ROBERTO ALEXANDRE ANDRADE DE SANTIAGO (AXP)

Unha vez acreditada a personalidade, compróbase o número de asistentes e acto seguido anunciase que:“Existe quórum suficiente para a celebración da sesión”

2.-COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

A Secretaría di : Dou conta de que a totalidade dos concelleiros electos formularon declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionan ou poden proporcionar ingresos económicos e a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades conforme co disposto no artigo 75 LBRL.

Así mesmo poño a disposición da mesa para que proceda a comprobación das credenciais presentadas polos concelleiros electos e das de declaración de intereses formuladas polos mesmos, non apreciando incidencia algunha.

3.- TOMA DE POSESIÓN CONCELLEIROS ELECTOS:

O Sr Presidente da Mesa, Sr Fernández Vila manifesta: de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREG 5/85, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de Concelleiro, os candidatos deben xurar ou prometer o acatamento á constitución:

A continuación a Secretaria chama individualmente por orde alfabética a cada concelleiro electo para que preste xuramento ou promesa do cargo, lendo a fórmula seguinte para cada un dos concelleiros

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ponteceso, con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar á Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”

Andrade de Santiago ,Roberto Alexandre, (AXP): si ,prometo

Alvarez Bugallo, María Josefa (PP): si, prometo

Fondo Pérez, Raquel, (PG): si, prometo

García Carballido, Xose Lois (PSdeG, PSOE) si, xuro

Martínez Lema, Consuelo (PSdeG, PSOE si, xuro

Mato Martínez, Jose Manuel (PP) si, xuro

Núñez Costa, Jose Manuel (PSdeG, PSOE si, prometo

Pena Romay, Jose Luis (PP) si, prometo

Pose Verdes ; Jose Manuel (ESCO) si, prometo

Varela Suárez, Noelia María (PSdeG, PSOE) si, xuro

Vidal Torrado, Juan Ramon (PG) si,prometo

Seguidamente, comprobada a concurrencia da maioría absoluta do número legal de membros de concelleiros electos (7) o Presidente da Mesa declara constituída a Corporación conforme co artigo 195.4 LOREG.

4 ELECCIÓN DO ALCALDE

Sr Presidente: A continuación procederase á elección de Alcalde nos termos previstos na lexislación electoral. A Secretaria vai dar lectura ás normas de aplicación.

A secretaria toma a palabra e di:

Conforme o artigo 196 LOREG: “Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, dacordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos tódolos concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. No caso de empate resolverase por sorteo”

Poden ser candidatos ao cargo de Alcalde os Concelleiros que encabezan os seus correspondentes listas, e neste Municipio son os seguintes

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	VOTOS OBTENIDOS
Don Xose Lois García Carballido	Partido de los Socialistas de Galicia (PSdeG – PSOE)	1090
Don Jose Manuel Mato Martínez	P.P	969
Don Juan Manuel Vidal Torrado	Partido Galego	507
Don Roberto Alexandre Andrade de Santiago	Adiante por Ponteceso	437
Dona Fátima Rodríguez González	BNG	293
D Jose Manuel Pose Verdes	APIN, Espazo Común	220

Pola Presidencia pregúntase se se retira alguna candidatura, sendo retirada a candidatura do BNG

Por parte da Secretaría indícase que vaise proceder á elección de Alcalde, mediante votación ordinaria, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación secreta.

Ao non solicitar ningún integrante da Corporación a votación secreta, polo Sr. Presidente da Mesa dáse inicio á votación para a elección do cargo de Alcalde, comezando polo candidato da lista menos votada e seguindo en orde ascendente, manifestando o seguinte:

- VOTOS A favor DE DON JOSÉ MANUEL POSE VERDES, CANDIDATO DO APIN ESPAZO COMÚN 1 voto
 - VOTOS A favor DE DON ROBERTO ALEXANDRE ANDRADE DE SANTIAGO, CANDIDATO DE ADIANTE POR PONTECESO: 0
 - VOTOS A FAVOR DE DON JUAN RAMÓN VIDAL TORRADO CANDIDATO POR PARTIDO GALEGO 0

 - VOTOS A favor DE DON JOSE MANUEL MATO MARTÍNEZ, CANDIDATO DO PARTIDO POPULAR: 7 votos
 - VOTOS A favor DE DON XOSE LOIS GARCÍA CARBALLIDO, CANDIDATAO DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA: 4 votos
- PRESIDENCIA

Atendendo ó resultado queda proclamado Alcalde do Concello de Ponteceso o concelleiro/a Jose Manuel Mato Martínez do Partido Popular por obter 7 votos que corresponden á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación . Por o Presidente da Mesa , pregúntase: D. Jose Manuel Mato Martínez Acepta o cargo de alcalde?

D. Jose Manuel Mato Martínez di : Si, acepto

Trala aceptación, a Secretaria toma do Alcalde xuramento ou promesa dacordo coa fórmula establecida:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo do Alcalde do Concello de Ponteceso, con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?

D. Jose Manuel Mato Martínez Si prometo/Si Xuro

Por o Alcalde saínte faise entrega do bastón de mando deste concello, podend ocupar a Presidencia

(Séntanse nos seus escanos os membros da Mesa de Idade).

O Alcalde pasa de seguido a presidir a sesión.

5. Inventarioa de bens e actas de arqueo:

A Secretaria manifesta : Infórmase ós membros da Corporación que o inventario de bens poden consúltalo cando o desexen na Secretaría, e que houbo un CONTRATO MENOR DE SERVICIOS: RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS A 31/01/2018. EXPEDIENTE: 2019/C002/000007, no que consta acta de recepción dos traballos do 10/12/2021, estando pendente a súa aprobación polo pleno municipal.

Teñen a súa disposición o contido da acta de arqueo , así como das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias.

6. Palabras do ALCALDE:

Toma palabra o novo Alcalde para pronunciar o seu discurso.

Bos días a todas e a todos.

Quero comezar esta intervención como Alcalde agradecendo a todo ou persoal municipal encabezado na secretaria Antía, que levan días traballando duro para que este acto estea a altura dun Concello como ou de Ponteceso.

Tamén quero facer extensivo a miña enhoraboa a todas e todos os Concelleiros que hoxe toman posesión e as súas familias polo gran honra que supón ser membro desta Corporación e tamén por asumir esa responsabilidade que nos deron vos veciños.

Para alguén que nace nun lugar, non hai nada mais bonito que ser alcalde do seu pobo. Nacín moi preto desta Casa do Concello, caseime aquí, bautizamos os nosos fillos na capela de aquí abaixo, todo unha vida, 52 anos de bos e malos momentos sempre querendo e sentindo moitísimo todo ou que leve ou nome de Ponteceso, por iso este momento ou estou a vivir dunha forma moi especial.

Agora xunto cos meus compañeiros asumo este gran reto, cheos de ilusión, pero con moita responsabilidade por todo ou que imos a facer e dicir. Prometo un esforzo máximo, un compromiso total coa escoita de todas as opinións, unha análise serio de todas e cada unha das decisións que teremos que tomar e que sempre irán buscando ou interese e benestar de todos vos veciños.

Para chegar a conseguir un gran obxectivo, e asegúrovolos este é un deles, e difícil pensar en conseguilo un só, sempre necesitamos a axuda de outros, de mulleres e homes que var a ter que arrimar ou ombreiro para sacar adiante este proxecto, por iso para min ou máis importante será coidar as persoas, non facer dano a ninguén, pensar que un alcalde está para unir vos seus veciños, para preocuparse por eles, estar ou seu servizo e sempre ou seu lado.

Isto non vai de bandos, non trátase de bos e de malos, de dereitas ou de esquerdas, non, temos que ir todos a unha, remando na mesma dirección non podemos perder ou tempo desgastándonos en pelexas entre nos, temos que traballar duro, sacrificarnos para ser mellores e pensar en deixar un pobo mellor vos nosos fillos, para que aposten polo seu Concello e que se poidan sentirse orgullosos de ser de onde son.

Dende luns, empezaremos por darlle confianza e poñer en valor vos que aquí están todos vos días traballando duro para sacar este concello adiante, ninguén ten porque temer nada, son e serán empregados do Concello de Ponteceso, non son empregados do alcalde. Prométoles que vou a estar ou seu lado, non enfronte deles, estarei pelexando xunto con eles por todos e cada un dos proxectos que podamos traer para ou noso pobo, por iso lles pido máxima ilusión, coidado máximo de cada veciño que entre nesta CASA, que será a súa casa, as formas importan e moito, teremos que ser moi coidadosos con elas. Sempre intentei ter un bo clima de traballo alá onde estiven e así ou farei aquí, un clima onde vos sintádes cómodos e comprometidos co proxecto que queremos desenvolver, buscando un nivel máximo de excelencia, porque ou final se é así todos imos a sair gañando. Faremos un

calendario semanal de traballo en equipo, consensuado, con obxetivos claros e asumibles que sei fixo que mais pronto que tarde dará vos seus froitos.

Despois reuniremonos cos provedores, transmitíndolle a nosa confianza e as ganas que temos en mellorar xunto con eles. Prometolle seriedade nos compromisos adquiridos, entramos aquí sen borrar ou pasado, non imos a facer perder diñeiro a ninguén, seremos moi exixentes nos tratos, pero a relación con eles será sa e transparente.

Pído por favor a todas as forzas políticas que estamos representadas neste salón de plenos, que aproveitemos ou tempo en construír en desenvolver ideas boas para vos nosos veciños, que nos deixemos de guerras, que ou respecto entre nos sexa máximo, prometo todo ou esforzo en estar sempre a vosa disposición, seremos transparentes en todas as comunicacións, serán enviadas con tempo suficiente para ou seu análise e posterior debate.

Neste momento e onde quero dáas as grazas a Juan Ramón Vidal e a todo ou seu equipo por sumarse a este gran reto e tamén a Roberto Andrade e ou seu grupo por facilitar esta investidura, leste será a roteiro de traballo, diálogo continuo e acordos estables para sacar a lexislatura adiante.

Tamén quero dar as grazas a Fátima Rodríguez e a José Manuel Pouse, por escotiarnos aínda que non chegáramos a acordos, seguro que chegaremos non futuro, e como non convidar ou Partido Socialista a falar a dialogar estando todos xuntos todo e máis fácil.

Por último para terminar, non podo esquecerme dá xente que tanto traballou para isto, dous compañeiros do partido popular que se romperon a alma por volver ser unha forza política forte e responsable, grazas nunca olvidarei ou vosa lealtade e compromiso.

Grazas a toda miña familia, a meu irmán Carlos, a meus cuñados, a meus pais, a miña sogra e sobre todo a meus fillos Noelia e Tomás e a miña gran muller Mónica, vos sacrificios que fixechedes e facedes por min todos vos días dáas vosas vidas fanme sentir orgulloso dá familia que temos.-

Grazas a todos por vir e aquí tendes a vosa casa.-

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 12:35 h do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

Finalizado o mesmo, a Presidencia levanta a sesión.